



## ANUNCIO

A alcaldesa ditou a Resolución núm.: 2020-2305, con data de 02/10/2020, pola que resolveu deixar sen efecto a suspensión do acto de constitución do tribunal cualificador e da fase de oposición do proceso selectivo que se convocou para constituír unha bolsa de traballo de carácter temporal de ARQUITECTO/A e pola que se establece a nova data de realización do 1.º exercicio da fase de oposición deste proceso selectivo, e na cal se establece o seguinte,

### “RESOLUCIÓN

As bases reguladoras do proceso selectivo que se convocou para constituír unha bolsa de traballo de carácter temporal de ARQUITECTO/A (Persoal Laboral Temporal, Grupo I, nivel de destino 30; Persoal Funcionario Subgrupo A1, nivel de destino 30), mediante o sistema de concurso-oposición libre, publicáronse integramente na sede electrónica, na páxina web ([www.redondela.gal- apartado de emprego público, persoal laboral temporal](http://www.redondela.gal- apartado de emprego público, persoal laboral temporal)) e no taboleiro de anuncios do Concello.

O extracto da convocatoria publicouse no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO) núm.: 190, do 03/10/2019.

O prazo de presentación de instancias de 15 días hábiles iniciouse o día 4 de outubro e rematou o día 24 de outubro do 2019.

A alcaldesa ditou a Resolución núm.: 2019-3280, con data de 14/11/2019, pola que aprobaba a lista provisional de persoas admitidas e excluídas do proceso selectivo que se convocou para a constitución dunha bolsa de traballo de ARQUITECTO/A.

A alcaldesa ditou a Resolución núm.: 2019-3474, con data de 29/11/2019, pola que aprobou a lista definitiva das persoas admitidas, o tribunal cualificador e a data de realización do 1.º exercicio do antedito proceso selectivo.

A alcaldesa ditou a Resolución núm.: 2020-0862, con data de 07/04/2020, pola que suspendía o acto de constitución do tribunal cualificador e a realización do 1.º exercicio da fase de oposición deste proceso selectivo previsto para o día 07/05/2020 ata a determinación dunha nova data.





No *Diario Oficial de Galicia* núm.: 115, do día 13 de xuño de 2020 publicouse a Resolución de 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.

Tras dispoñerse formalmente a superación da fase III e, por tanto, a entrada na nova normalidade, o concello considera que dadas as circunstancias actuais, pode reactivarse este proceso selectivo, polo que e de acordo coas competencias que me asigna a lexislación local vixente,

RESOLVO,

PRIMEIRO: Deixar sen efecto a suspensión do acto de constitución do tribunal cualificador e da fase de oposición do proceso selectivo que se convocou para para constituír unha bolsa de traballo de carácter temporal de ARQUITECTO/A do Concello de Redondela.

SEGUNDO: Acordar que a constitución do tribunal cualificador teña lugar o:

DÍA: 10/11/2020

HORA: 09:00 horas

LUGAR: Multiusos da Xunqueira, sito no Paseo da Xunqueira, s/n.

TERCEIRO: As persoas admitidas quedan convocadas para a realización do 1.º exercicio da fase da oposición o:

DÍA: 10/11/2020

HORA: 10:00 horas

LUGAR: Multiusos da Xunqueira, sito no Paseo da Xunqueira, s/n.

CUARTO: Publicar na sede electrónica, na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello a data de constitución do tribunal cualificador e a data de realización do 1.º exercicio da fase de oposición deste proceso selectivo.”

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE

Concello de Redondela

Rúa Alfonso XII, 2 36.800 Redondela (Pontevedra) Tif. 986 400 300 Fax: 986 403 894 CIF: P3604500C



Cod. Validación: 95AKFTMJKH6AGSS95R6NF42ZK | Corrección: <https://redondela.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2